

Álvaro Cunqueiro, poeta de infinitas voces

Álvaro Cunqueiro, a Poet of Infinite Voices

Iago Castro Buerger

(IES Val Miñor / buerger@edu.xunta.es)

Data de recepción: 04/03/2021 – Data de aceptación: 29/09/2021

Resumo: Durante as tres décadas que pasaron entre *Dona de corpo delgado* e *Herba aquí ou acolá* Álvaro Cunqueiro, que sempre se considerou ante todo poeta, non deixou de publicar versos de seu. Fíxoo en publicacións periódicas, sobranceiramente no *Faro de Vigo*, onde ademais de anosar poesía universal de toda terra e tempo e de nos agasallar con poemas asinados por el ou os seus pseudónimos de cabeceira, tamén deu en crear unha tribo de autores espectrais, poetas apócrifos ou alófonos fantásticos. Esoutras voces que puxeron en circulación un modelo poético fóra de toda centralidade na poesía de posguerra pero que agromou con esplendor nas décadas seguintes.

Palabras chave: Álvaro Cunqueiro, poesía, tradución, alófonos, pseudónimos.

Sumario: 1. Limiar. 2. Contextualicemos. 3. A pseudonimia en Cunqueiro. 3.1. Función práctica. 3.2. Función poética. 4. Alofonía fantástica. Referencias bibliográficas.

Abstract: During the three decades between *Dona do corpo delgado* and *Herba aquí ou acolá*, Álvaro Cunqueiro, who always considered himself above all as a poet, never stopped publishing poetry. He published it in periodicals, namely in *Faro de Vigo*, where, apart from translating universal poetry from all lands and eras and gifting to us poems signed by him or by some of his usual pen names, he also took to creating his own tribe of spectral authors, fantastic allophone or apocryphal poets. These other voices put into circulation a poetic model that was marginal with regard to the mainstream poetic trends of the post-war period, but which would flourish over the next few decades.

Keywords: Álvaro Cunqueiro, poetry, translation, allophones, pen names.

Contents: 1. Introduction. 2. Let's contextualize. 3. Pen names in Cunqueiro. 3.1. Practical function. 3.2. Poetic function. 4. Fantastic allophony. Bibliographic references.

1. Limiar

Queremos nestas páxinas saudar cunha alegría absoluta o tesouro novo de Álvaro Cunqueiro que vén de facer público o Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo. No seu cuadrexésimo cabodano, o catedrático Xosé Henrique Costas escolmou 50 poemas de 42 poetas traducidos por Cunqueiro nas páxinas do *Faro de Vigo* dos que non temos noticia, escritores espectrais ou poetas apócrifos. Trátase do *Cunqueiro XL* (Costas González 2021), o da palabra que non cesa na procura de máis primaveras, o das voces infinitas.

2. Contextualicemos

A chegada á redacción do *Faro de Vigo* en xullo de 1961 vai marcar unha nova etapa vital e creadora no devir de Álvaro Cunqueiro. Atrás quedara xa o monolingüismo literario de vangarda e o nacionalismo articulista en cabeceiras como *Galiza*, *A Nosa Terra* e mesmo *El Pueblo Gallego* de preguerra; aberta aínda a ferida dos anos de xornalismo e versos fascistas de *Era Azul*, *La Voz de España de Donosti*, *Vértice*, *ABC*; logo desde as sombras a volta a Mondoñedo, a rehabilitación co galeguismo, Francisco Fernández Fernández del Riego, a chamada a filas de Ramón Piñeiro (1951) coa súa «Carta a Álvaro Cunqueiro, trovador galego» e a produción novelesca de Cunqueiro no noso idioma, entre 1955-1961.

Velaquí o Cunqueiro que chega á redacción do *Faro de Vigo* en xullo de 1961 para encarar un período de estabilidade laboral e económica. Esta xeira está marcada por unha intensa actividade xornalística, xa fose como redactor (1961-1964), subdirector (1964-1965) ou director (1965-1970) mais, o que resulta para nós a cerna do Cunqueiro que non cesa, é a elaboración do suplemento cultural *Arte y Letras* (1962-1967), logo *Letras* (1967-1981), hábitat do tradutor e poeta Álvaro Cunqueiro, labirinto onde resoan todas as súas voces.

Na feitura deste suplemento Cunqueiro contou coa inestimable axuda do home que máis se esforzou en retornalo ó rego das letras galegas, Francisco Fernández del Riego. Ambos os dous artellaron este lenzo de traducións, recensións e crítica literaria que reactivou e conectou a lenta cultura galega co que acontecía «extramuros», moitas veces por diante das noticias que chegaban desde a illada cultura española grazas a verter directamente ó galego artigos de suplementos literarios de xornais como *Le Figaro Littéraire*, *Le Monde* ou *Il Corriere Della Sera*. Isto fixérono nun contexto político e cultural adverso e practicamente ata que finou Cunqueiro en 1981, polo que conseguiron que os máis novos tivesen coñecemento dos repertorios –ora clásicos e consolidados na procura de capital simbólico para o noso campo literario, ora contemporáneos e vangardistas nunha angueira diversificadora– que se producían nas literaturas «normalizadas». Cómpre sinalar ademais o progresivo incremento das pezas en galego na

evolución do suplemento, polo que debemos dicir que se trata en conxunto dun magno traballo de semente a prol da cultura de noso que ata o de agora pouco foi valorado e que sitúa, inequivocamente, a Fernández del Riego e Álvaro Cunqueiro no ronsel da Xeración Nós, que tan importante maxisterio exercera sobre eles cando mozos.

3. A pseudonimia en Cunqueiro

Esta multitude de artigos e traducións escribíronos a dúas mans Del Riego e Cunqueiro, mais foron asinadas por unha ampla e ficticia sección de literatura do *Faro de Vigo*. Se as pezas de Del Riego son exclusivamente asinadas co pseudónimo Salvador Lorenzana, a nómina de falsos nomes son enxurrada no mindoniense: desde os máis habituais Manuel María Seoane (tamén coas siglas M.M.S.) e Álvaro Labrada (ou A.L.), aos esporádicos Patricio Mor (ou P.M.), Benito Moirón, Benito Sar, Mark ou Marcos Tapley, S.Seoane (ou S.S.), Pedro Seoane, Cristóbal Xordán (C.X. ou Cristóbal Jordán), Xoán Berenguer (ou Berenguel), D. Berenguel, Ariel García, Felipe Arteaga Masma, Patricio Mindonio, Pedro Miranda, Carlos Sobrado, Fernando Mon, Felipe de Amancia, Manuel Dafonte, Pedro Mateo ou Manuel Bretoña.

A utilización de sinatura falsa por parte de Cunqueiro vén de vello: González Gómez (1990: 17) data no principio da década de 1940 o nacemento do pseudónimo máis prolífico do mindoniense, Álvaro Labrada. Con este nome asinou o *San Gonzalo* (1945) e mais a *Balada de las damas del tiempo pasado* (1945), e seguirá a utilizalo tanto no *Faro de Vigo* coma noutras publicacións. Con todo, van ser as páxinas do *Faro de Vigo*, e sobre todo as das *Letras*, onde habiten a meirande parte destes falsos nomes do mindoniense. Armesto Faginas, biógrafo e compañeiro na redacción do xornal vigués (1987: 247), recolle e clasifica algúns deles: tanto Patricio Mor coma Patricio Mindonio foron escollidos en razón ó segundo nome de pía do propio Cunqueiro; o de Benito Moirón débese a un seu tío de Riotorto; e os Seoane –Manuel María, Pedro, S.S.– veñen da familia da súa muller Elvira González-Seco Seoane. Armesto Faginas explica outros dous de orixe xa literaria como son Mark ou Marcos Tapley en homenaxe a Dickens, e outra nova aparición do sonado e reiterado personaxe cunqueiriano Felipe de Amancia.

3.1. *Función práctica*

O porqué desta amplísima nómina de pseudónimos podémolo comprender desde unha dobre motivación ou funcionalidade. Dunha banda existía certa necesidade profesional provocada pola intensa actividade xornalística que desenvolveu Cunqueiro durante algúns anos, extremo que confirma Armesto

Faginas (1987: 247): «É tan extensa e variada a produción diaria de Cunqueiro, que a utilización de pseudónimos resulta obrigada para evita-la reiteración de sinaturas». Os pseudónimos virían dados, xa que logo, por pura practicidade.

3.2. *Función poética*

Mais non podemos ignorar outra función que se axeita perfectamente á poética do autor: o fetichismo onomástico, o xogo ficcional de máscaras e espellos, o pracer de inventar, soñar e mesmo confundir. Armesto Faginas (1987: 247) recolle na súa biografía unha declaración de Cunqueiro ben clarificadora neste sentido:

Siempre tuve una gran afición a los pseudónimos, y los he buscado en Dickens y usé y uso apellidos que llevaron los míos. El otro día, viajando a La Coruña, para asistir al ingreso de Joaquín Otero Goyanes en la Academia de Jurisprudencia, Isidoro Millán hijo me confesó que creía que las traducciones de poemas que aparecen en «Faro de Vigo», en la dominical página de «Letras» firmados por Manuel María Seoane, eran de un poeta llamado Manuel María. Me gustan estas pequeñas mixtificaciones.

Con estes pseudónimos Cunqueiro asinou no *Faro de Vigo* centos de artigos de temática diversa e crítica literaria en lingua galega, hoxe recollidos en varios volumes editados por Castro Buerger / Costas González (Cunqueiro 2013, 2017 e 2019), poemas orixinais xa incorporados á súa obra desde a edición do *Herba aquí ou acolá* (Cunqueiro 1991b) do profesor Costas González, e centos de poemas traducidos ao galego no suplemento *Letras*. Máis alá da marabillosa catalogación de González Gómez (1984, 1990, 2003 e Cunqueiro 1991a) e o perfil lingüístico do Cunqueiro anosador feito por Palacio Sánchez (2007), son poucas e recentes as achegas que deitan luz sobre esta faceta á que tanto tempo e enerxía literaria dedicou o de Mondoñedo. Temos comentado o afán por acadar capital simbólico dentro da república mundial das letras (Castro Buerger 2005) para o que traduciu obras canónicas de todo tempo e lugar –Dante, Shakespeare, Rilke, Li Po... sirvan de exemplo– e como sempre, xa desde a mocidade –pioneiras homenaxes literarias a Manuel Antonio– estivo alerta ante as novidades poéticas, feito demostrado por Costas González (2018) ou Soneira Sánchez (2017). Mais, o que pretendemos demostrar nestas páxinas é o diálogo continuo entre as traducións verificadas, os poemas apócrifos ou falsas traducións que demos en chamar alofonía fantástica (Castro Buerger 2004), e a poesía dos últimos 20 anos dun Cunqueiro que sempre se considerou, ante todo, poeta.

No corpus poético dos case 400 autores que verteu ó galego, sobre todo naqueles anosados nos seus últimos dez anos de vida, achamos moitos argumentos líricos que logo albiscamos na poesía de seu. Hai títulos, poemas case enteiros, algúns versos, imaxes... que, ou ben son paráfrases de poemas de Cunqueiro, ou ben Cunqueiro parafraseou as traducións que el mesmo fixo.

O mindoniense utiliza a tradución dun xeito absolutamente consciente, con vontade de intervención cultural, neste caso modificando o repertorio na liña dunha auténtica autopoeética.

Deste xeito, a voz lírica que se vai despedindo decadentemente dos gozos da vida derramados polo tempo, presentes na poesía última do mindoniense, comparte a poética do soño e viaxe, marxinada no repertorio galego case que monopolizado polo socialrealismo, con traducións abundas. É dicir, o espazo negado que supuxo o silencio longo do poeta Álvaro Cunqueiro, tentouno compensar desde as traducións dos poetas cos que máis a gusto dialogaba, libres como eran dos prexuízos aos que el estaba suxeito por seren autores estranxeiros; en definitiva, falando cos seus versos. A estratexia, seguíndomos a Figueroa (2001), consistía daquela na loita contra as convencións locais a través do uso de convencións exóticas, alleas, que vaian devagar repercutindo na orde do sistema. Estamos ás portas, xa que logo, de mudar un modelo literario, e as traducións de Cunqueiro que apostaban pola súa marxinada poética de seguro contribuíron, lexitimando e dándolle o prestixio necesario. Un outro motivo para reclamarmos a necesaria edición de toda a poesía traducida polo mindoniense.

Poñamos algúns exemplos. Por un poema das «Vellas sombras» ben poderían pasar estes versos do belga Henri Michaux (*Faro de Vigo* 18/04/1965, páx. 8):

*Ou, sin romperse, como unha taciña,
levaime nos bicos, nos peitos que se erguen
respirando a vida. No sol da man que sorrí,
nos longos túneles dos ósos,
ou nas enrugadas da pel da vella amante.*

Ou estoutros versos do irlandés Padraic Colum (*Faro de Vigo* 25/11/1979, páx. 28) en que a despedida dos amores idos, das señoras do pasado desde un presente enunciativo próximo á morte, coas rulas, os violíns e abril de pano de fondo, resoan talmente ao Cunqueiro último:

*Hoxe, díxeches, a choiva cheira a rula e amor.
A min cheirábame a alegría moza,
que viña a ser igual. Bicámonos e choramos
e as bágoas eran oítra choiva
que viña do bosque de violíns do corazón,
so o noso corazón posto á luz, ao vento
e máila choiva, no alto de Cuimh.
Tí estás lonxe, e eu vou morrer,
pro endexamáis puiden esquecer as tuas meixelas,
molladas pola choiva de abril.*

Cando non, atopamos recursos retóricos que logo ecoarán nalgún dos poemas máis emblemáticos de Cunqueiro. Así, a resurrección que para o noso poeta vai ser herba é unha rosa de Anna Akhmatova (*Faro de Vigo* 07/03/1971, páx. 22):

*Señor! Ti ves, eu vou cansa xa
de resucitar e de morrer, e de vivir—
Toma todo, pro déixame respirar
unha vez máis o frescor desta rosa vermella.*

Ou o desdobramento do eu, xogando outra vez co nome do autor dentro do poema en falando da morte, como fixo R. Queneau (*Faro de Vigo* 31-10-1976):

*Non, non temo a morte das miñas entrañas
nin a morte do meu narís ou dos meus osos.
Tampouco temo moito este mosquitinho
que se bautizou Raymond dun pai dito Queneau.*

E, de irmos aos paratextos, a sintonía poética tradutor-autor faise explícita, como no caso de Cummings, declarado «home ceibe, ledado e soñador» (*Faro de Vigo* 31/03/1968, páx. 20); Brian Patten, de quen di «non quere cambiar a sociedade e non fai poesía política ou social, senón que quere cambiar o corazón das xentes» (*Faro de Vigo* 11/01/1976, páx. 26); ou Kenneth Patchen, quen «non foi mui estimado polos da súa xeneración, pro é un verdadeiro poeta». De quen fala Cunqueiro? Desoutras voces que son tamén súas.

Neste contexto, entre a pseudonimia e a tradución, van atopar o seu hábitat os alófonos fantásticos ou poetas apócrifos. Poetas estranxeiros que existiron no momento en que Cunqueiro os inventou para darlle esoutras voces. Cotexando a nómina de traducións de Cunqueiro no *Faro de Vigo* demos cunha serie de autores dos que non atopamos pista ningunha. Velaquí outra volta do xogo de máscaras, de poética onomástica e gusto pola mixtificación. No ano 2004 tiñamos verificados 10 poetas con 11 poemas que inventara Cunqueiro coas falsas traducións asinadas polos seus pseudónimos, poemas xa engadidos á súa obra poética en galego (Cunqueiro 2011). Entre eles, nomes imposibles nas linguas escandinavas nos que Cunqueiro mesturaba lexemas e sufixos do sueco e do finés para crear o poeta islandés Knut Tellanken. Quen inventa un nome pode crear un universo.

4. Alofonía fantástica

No ano 2021, na celebración do 40 cabodano, son 42 os poetas e 50 os poemas que recolle o profesor Costas González no volume editado pola Universidade de Vigo. O Cunqueiro que non cesa. Mais o xogo literario comezara moito antes. No fondo

persoal de Álvaro Cunqueiro que vén de ser entregado á Fundación Penzol, nun caderno de 1928 figura un poema árabe de temática amorosa dun tal Ahmed Ben Al Faquir, é dicir, Ahmed fillo do Faquir. Estamos quizais ante o primeiro alófono.

Con todo, máis alá do xogo onomástico, os alófonos fantásticos, na liña de moitos dos poemas traducidos, son unha ferramenta para introducir na nosa lingua unha poética que quedara fóra da centralidade contemporánea. O noutro poeta mozo proclamado príncipe das letras pola crítica, quedara, en palabras de Carballo Calero (1975: 750) «sen auditorio». O socialrealismo dominante e a contradición ideolóxica coa que se recibía ao poeta Cunqueiro, fixo que o autor, ante todo todo poeta, atopase nas traducións e nos alófonos o seu campo de traballo.

Cunqueiro é consciente de como o paradigma «nome de autor» pode funcionar coma un filtro ficcional máis. Sábeo desde a pseudonimia, e préstalle. Velaquí o pulo para crear estes poetas apócrifos onde imos atopar, outra volta como nas traducións, resonancias de todo o macrotexto cunqueiriano, en especial da súa última poesía compilada desde a primeira edición de *Herba aquí e acolá*.

Así, en citándonos a escolma do *Cunqueiro XL* de Costas González (2021), no poema «O cabalo e o seu escano» do alófono Phyllis Mac Calvert falan os cabalos en Roma tal e como o facía o cabalo de Alberte Merlo. Erikson desdóbrase no poema de Sigurd Hallkness para despedir a súa mocidade tal e como fixo Cunqueiro en «Ese alguén de meu que nunca volve»; Sigvar Sigvarsson, do poeta apócrifo Argret Svaden, é un viquingo soñador que emparentamos axiña co Sinbad, como outros viaxeiros, vagabundos e aventureiros que circulan por estes extraordinarios versos. Tamén, como non, celébrase abril e reclámase o soño como refuxio último no fermosísimo poema de Ellen A. Kramer «Todo o que noutroa» que pecha o volume:

*Todo se refai diante de min,
rosas esfolladas e sorrisos que amei.
Todo poderás destruír, agás os soños,
que volven, e volven,
como se a vida comezase outra vez.
E ti, indefenso diante dos soños,
soio vivindo dos soños.*

De escollermos un poema que mostre a xénese da alofonía fantástica, e tamén boa parte do macrotexto cunqueiriano, é aquel do apócrifo Enzo Carletti titulado «Eu quixera ter as voces»:

*Eu quixera ter as voces
as que sirven pra decir amor.
[...] Pra decir amor ten que haber voces como de bosque
ou de río en fervenza, e deloutras
soaves como unha pel soave.*

*[...] Ao final, cando tivera tódalas voces,
 ser dono desa voz secreta
 que somentes un ouvido escoite,
 que vén como a noite,
 sen saber de onde,
 vestindo a súa chombra de estrelas.*

Cunqueiro reclama o dereito a soñar novas vidas e peripecias e conségueo tecendo unha rede de personaxes contadores de historias. Faino cando lle cede a voz aos mitos, a Sinbad, ao Sochantre e compañía, a Merlín, a Ulises ou Orestes, a tribo toda das *semblanzas...* e tamén na poesía, profusamente en *Herba aquí ou acolá*. Neste último libro, no apartado das «Historias» e na serie de poemas co título «Eu son...». Cunqueiro abandona deste xeito toda a centralidade en prol destoutros personaxes, onde se retoma a voz de Edipo ou Danae.

O mesmo mecanismo actívase cos alófonos fantásticos que ocupan o lugar de Álvaro Cunqueiro. Outro grao de ficción máis, personaxes que habitan os mundos soñados e que se actualizan nas súas novas vivencias, para logo marcharen e deixaren o pouso do acontecido xa para sempre, como a vida, como o teatro. Neste sentido si que poderíamos considerar a Cunqueiro un poeta dramático, manexando o seu clan de personaxes viaxeiros, soñadores, contadores de historias.

Non sei se o libro das infinitas historias, pero para a nosa fortuna Cunqueiro está camiño de ser o autor das infinitas voces; nós temos a fortuna de continuar esa viaxe na procura do eco deses nomes, versos, soños ou Cotovías.

Referencias bibliográficas

- Armesto Faginas, Xosé Francisco (1987): *Cunqueiro: unha biografía*. Vigo: Xerais.
- Carballo Calero, Ricardo (1975): *Historia da literatura galega contemporánea*. 2ª ed. Vigo: Galaxia.
- Castro Buerger, Iago (2004): «Os alófonos fantásticos. Poemas descoñecidos de Álvaro Cunqueiro», *Anuario de Estudos Literarios Galegos 2004*, 30-39. http://www.poesiagalega.org/uploads/media/castro_buerger_2004_cunqueiro.pdf
- Castro Buerger, Iago (2005): «Unha visión sistémica das traducións de Cunqueiro no *Faro de Vigo*», *Viceversa* 11, 23-49. <https://revistas.webs.uvigo.es/index.php/viceversa/article/view/2437/2446>
- Costas González, Xosé Henrique (ed.) (2021): *Cunqueiro XL. Escolma conmemorativa de poesía anosada por Álvaro Cunqueiro co adaxo do seu cuadraxésimo cabodano*. Vigo: Servizo de publicacións, Universidade de Vigo.

- Cunqueiro, Álvaro (1991a): *Flor de diversos. Escolma de poetas traducidos*. Escolma e introdución de Xesús González Gómez. Vigo: Galaxia.
- Cunqueiro, Álvaro (1991b): *Herba aquí ou acolá*. Edición de X. H. Costas González. Vigo: Galaxia.
- Cunqueiro, Álvaro (2011): *Dona do corpo delgado. Herba aquí e acolá. Outros poemas. Poesía 1933-1981*. Edición de X. H. Costas González / I. Castro Buerger. Vigo: Galaxia.
- Cunqueiro, Álvaro (2013): *O mundo que teño de meu. Artigos en lingua galega. Prensa e revistas 1930-1980*. Edición de X. H. Costas González / I. Castro Buerger. Vigo: Galaxia.
- Cunqueiro, Álvaro (2017): *No obradoiro do fabulador. Artigos en galego de Álvaro Cunqueiro no Faro de Vigo 1963-1971*. Edición de X. H. Costas González / I. Castro Buerger. Vigo: Galaxia.
- Cunqueiro, Álvaro (2019): *No obradoiro do fabulador. Artigos en galego de Álvaro Cunqueiro no Faro de Vigo 1972-1981*. Edición de X. H. Costas González e I. Castro Buerger. Vigo: Galaxia.
- Figueiroa, Antón (2001): *Nación, literatura e identidade. Comunicación literaria e campos de comunicación en Galicia*. Vigo: Xerais.
- González Gómez, Xesús (1984): «Tradutor de mil poetas», *n'A Nosa Terra, O mundo de Cunqueiro*, Extra 2. Vigo.
- González Gómez, Xesús (1990): *Álvaro Cunqueiro, traductor*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia.
- González Gómez, Xesús (2003): «Traduccións de poetas cataláns por Álvaro Cunqueiro e outras curiosidades», en Cerdà / Martínez-Gil / Vega, *Álvaro Cunqueiro e as amizades catalanas*. Sada: Edicións do Castro, 133-164.
- Palacio Sánchez, Antón (2007): «Cunqueiro tradutor e anosador», *Viceversa* 13, 171-203.
<https://revistas.webs.uvigo.es/index.php/viceversa/article/view/2496/2502>
- Piñeiro, Ramón (1951): «Carta a Álvaro Cunqueiro, trovador galego, falándolle dos males presentes de Europa e do seu remedio, desde a ladeira dun castro lugués», *Colección Grial* 3, *Presencia de Curros y Dª Emilia*. Vigo: Galaxia, 103-107.
- Soneira Sánchez, Alba (2017): *Cunqueiro tradutor e anosador de Leonard Cohen: análise comparativa de oito poemas*. Traballo de Fin de Grao inédito. Vigo: Universidade de Vigo, Facultade de Filoloxía e Tradución.